FUNNY GAMES

Michael Haneke, 1997

1865

ESTREA EN NUMAX: 25.11.2026 | V.O.S.E. | +18 | 107 min

Anna, Georg e o seu fillo Georgie van pasar as vacacións á súa fermosa casa ás beiras dun lago. Os seus veciños Fred e Eva chegaron antes ca eles. As dúas parellas quedan para xogar ao golf ao día seguinte. Mentres pai e fillo preparan o veleiro, Anna prepara a cea. De súpeto, Peter, un mozo moi educado que se aloxa na casa dos veciños, preséntase pedir que lle presten uns ovos. Anna pregúntase como puido entrar na casa. O mozo explícalle que Fred lle ensinou un burato que hai na cerca.

«Brillante, radical, provocativa... unha obra mestra»
TIME OUT

Título orixinal: Funny Games
Ano: 1997
Duración: 108 minutos
Idioma orixinal: Xaponés
Dirección: Michael Haneke
Guión: Michael Haneke
Elenco: Susanne Lothar, Ulrich Mühe, Arno Frisch, Frank Giering, Stefan Clapczynski, Doris Kunstmann, Christoph Bantzer
Montaxe: Andreas Prochaska
Son: Walter Amann
Música: Georg Friedrich Händel, Pietro Mascagni, Wolfgang Amadeus Mozart, John Zorn
Fotografía: Jürgen Jürges
Produtora: Wega-Film (Austria)
Distribuidora: A Contracorriente Films

PREMIOS E FESTIVAIS
Cannes 1997 (Premio FIPRESCI)



Unha aterradora metáfora do nazismo

Por Ángel Fernández-Santos

"Non sei se me atreverei a recomendarlla aos meus lectores, pero sei que vou obrigar aos meus fillos ir vela". Así suxeriu un crítico de cine británico que tipo de sangue circula, que ideas expande, que semente de alerta ante o inquietante subsolo desta Europa que estamos a forxar hai dentro da aterradora metáfora sobre o rexurdir do nazismo, que contén o filme austriaco *Funny Games*, escrito e dirixido polo alemán Michael Haneke, dramaturgo e cineasta formado en Viena e talvez o máis avanzado prolongador da obra de Bertold Brecht.

Só dunha gran coraxe moral e unha gran clarividencia formal pode proceder esta película exacta e perturbadora ata límites extremos. Os cinco personaxes de *Funny Games* ofician un tenebroso, espantoso ritual a que xogan e convidan a xogar, pero ante o que nós ficamos paralizados no limiar salvaxemente concernidos pero anoxados e aterrados, ao bordo da fuxida do cinema.

Trátase dun xogo ben coñecido en España nesta a súa variante nauseabunda que Haneke agarra polas solapas sen medo e nola guinda en forma de espello aos ollos: o chamado xogo do rol na súa forma de xogo de exterminio, ao que hai dous anos xogaron dous rapaces madrileños nun escampado de Manoteras cun home corentón, baixiño e calvo en funcións de coello apestado -en terminoloxía nazi: xudeu- ao que abater.

Os dous rapaces xogadores vieneses de *Funny Games* fan o seu xogo ao grande e de cando en cando -catro veces en total- chiscan con complicidade un ollo ao obxectivo da cámara -é dicir, ao espectador- invitándoo a xogar con eles ao despoboamento para degolo dos seus propios coellos apestados, os seus propios xudeus, que se atopan de vacacións sobre gozosos xardíns das beiras do Danubio. E este rito de exterminio adquire proporcións dantescas nas tripas da conciencia adormentada dun país como Austria, en cuxo censo electoral hai preto dun 30% de votantes nazis e parentela. A premeditadamente xélida e matemática mirada de Haneke, prohibe á nosa mirada calquera caída na identificación ou na piedade: é un xogo arriscado, polo que o dominio das súas regras require cabeza fría, desterro de sentimentos, suxección de emocións. É dicir: as vellas e inmellorables na súa estirpe, regras trazadas nos anos trinta por un tal Adolf Hitler.

Non se viu no cinema recente tan atroz representación da violencia sen visualizar nin un só derramamento de sangue. Porque *Funny Games* é unha chamada violenta ao coñecemento e por tanto ao rexeitamento da violencia, que deixa aos pim-pam-pum do tiro na caluga de Hollywood e os seus arrabaldes europeos reducidos a meras exaltacións do asasinato como floreo estético, mentres que aquí estamos ante a grave, turbadora representación do exterminio como comportamento político, do crime considerado como náusea.

Publicado en elpais.com